

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>



FORMACIÓN 2010

**Avaliación da satisfacción coa
formación impartida pola EGAP no ano
2010**

Índice xeral

I. Presentación

II. Valoracións do alumnado

III. Valoracións do persoal docente

IV. Conclusións

Presentación

A avaliación integral do programa formativo da Escola Galega de Administración Pública, en adiante EGAP, permite obter información de suma utilidade para a mellora continua dos futuros Plans de Formación da Escola.

Dende a EGAP, compartimos a idea de que para coñecer o nivel de calidade dun servizo é necesario coñecer que opinan as persoas que fan uso deste. A mellora dos servizos que prestamos debe formularse dende o punto de vista dos seus usuarios/as. Un “servizo de calidade” é aquel que satisfai as expectativas das persoas que o empregan polo que é preciso coñecer a opinión e o grao de satisfacción destas persoas.

Neste marco de referencia, a Escola emprega dende hai varios anos enquisas de satisfacción e avaliación das actividades formativas que cumprimentan tanto os alumnos/as como os docentes.

A información na que se basea este informe de resultados obtense a través de catro modelos de cuestionarios: dous deles son cubertos polo alumnado e os outros dous corresponden aos docentes. A súa vez, e para cada un deses colectivos, existe un cuestionario para as actividades de carácter presencial e outro para as actividades de teleformación. En todos os casos, os cuestionarios son autocumprimentados ao remate da actividade ou nun momento próximo á súa finalización.

A avaliación que se ofrece nas seguintes páxinas resulta dunha serie de indicadores clave que soen aplicarse na maioría dos programas formativos, e que están sendo examinados e mellorados pola Escola cada ano. Os cuestionarios e os indicadores utilizados prestan atención a múltiples aspectos, referidos tanto ao alumnado como ao equipo docente e aos responsables da organización dos cursos.

O presente informe presenta de forma estruturada e ordenada todas estas informacións, apuntando ideas e conclusións útiles para mellorar a nosa oferta formativa ao mesmo tempo que da a coñecer aos interesados/as a valoración das actividades desenvolvidas pola Escola ao longo do ano 2010.

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>



FORMACIÓN 2010

**Avaliación da satisfacción coa formación
impartida pola EGAP no ano 2010**

VOLUME I: VALORACIÓNS DO ALUMNADO

Índice de contidos

- 1. Satisfacción do alumnado cos cursos**
- 2. Motivos para facer os cursos**
- 3. A calidade da formación presencial**
 - 3.1. Valoración dos cursos**
 - 3.2. Valoración dos docentes**
- 4. A calidade da teleformación**
 - 4.1. Valoración dos cursos**
 - 4.2. Valoración dos titores**

I. Satisfacción cos cursos

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

393


9.474



Presencial
Teleformación

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



As accións formativas desenvolvidas pola EGAP están sendo moi ben valoradas polos seus participantes. De feito, **a inmensa maioría dos alumnos/as amósase moi ou bastante satisfeito cos cursos realizados na Escola.**


Media 4,3

Base: 9.474 enquisas
NS/NC = 209 (2,2%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**






Os altos niveis de satisfacción apenas varían entre os asistentes a cursos de carácter presencial e os asistentes a actividades de teleformación. En ambos os dous casos, o colectivo de alumnos satisfeitos achégase ao 95%.

Medias **4,25** **4,30**

Base: 9.474 enquisas
NS/NC = 209 (2,2%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos




Os distintos destinatarios da actividade formativa da EGAP, persoal da Administración autonómica, local e de xustiza, presentan un elevado nivel de satisfacción coa formación recibida e non se observan diferenzas significativas entre eles.

Medias	4,28	4,31	4,23
---------------	-------------	-------------	-------------

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Cando combinamos a Administración de procedencia coa modalidade na que se recibiu a formación, obtense unha diferenza importante no colectivo dos empregados públicos da Administración local, para o que resulta algo máis satisfactoria a teleformación que a formación presencial.

Base: 9.474 enquisas
NS/NC = 209 (2,2%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**


Área temática	Media	Respostas
Dirección e xerencia pública	4,2	433
Economía e finanzas	4,1	241
Recursos humanos	4,5	189
Recursos materiais e tecnolóxicos	4,1	95
Proceso de traballo	4,3	4.136
Normativa e organización autonómica	4,2	1.008
Específicas do sector competencial	4,2	1.156
Idiomas	4,6	181
Coñecementos transversais	4,3	1.792
Outros	4,5	34
Total	4,3	9.265

En todas as áreas formativas a puntuación media de satisfacción é superior a 4, se ben destacan as excelentes valoracións que reciben os cursos de **idiomas**, os referidos á temática dos **recursos humanos**, os cursos con **contidos de carácter transversal** e os que fan referencia ao **procesos de traballo** na administración pública.

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Base: 9.474 enquisas
NS/NC = 209 (2,2%)

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**

Destinatarios	Promotor	Media	Respost.
Persoal da Admón. autonómica	EGAP	4,30	4.578
	Consellerías	4,16	1.566
Total		4,26	6.144


Na actividade formativa destinada ao persoal da Administración Autonómica ten un papel moi destacado a oferta de actividades promovidas polas distintas consellerías. A dita actividade ten algunhas características diferenciais: son de carácter específico e responden ao diagnóstico de necesidades de formación que fan as propias consellerías.

Se atendemos aos niveis de satisfacción cos cursos promovidos pola Escola e os promovidos polas consellerías, destaca o **elevado nivel de satisfacción coa formación deseñada pola Escola**. Na seguinte diapositiva poden consultarse os resultados de cada unha das consellerías.

Escala de resposta 1 a 5

Satisfacción do alumnado cos cursos

En conxunto **estou satisfeito de ter feito este curso**



Base: 9.474 enquisas
NS/NC = 209 (2,2%)

Escala de Resposta 1 a 5

II. Motivos para facer os cursos

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

393


9.474



Presencial
Teleformación

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que lle levaron a participar nesta actividade formativa




A principal motivación para realizar os cursos é a de **axudar a mellorar a propia formación** (4,5), se ben outros motivos como mellorar a calidade do traballo ou actualizar a formación tamén teñen relevancia. “Obter puntos para concursos internos e promocións” é o motivo de menor peso para o persoal que realiza cursos na EGAP (3,8).

Base: 9.474 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que lle levaron a participar nesta actividade formativa




Nas actividades presenciais o alumnado resalta en maior medida os motivos de “axudar a mellorar a formación”, “mellorar a calidade do traballo” ou “actualizar a formación”. Pola súa banda, os alumnos/as de teleformación atribúen maior importancia que os da formación presencial ao obxectivo de “obter puntos para concursos internos e promocións”.

Base: 9.474 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Motivacións para facer os cursos

Valore do 1 a 5 os motivos que lle levaron a participar nesta actividade formativa



O persoal da Administración Local outorga valoracións lixeiramente maiores aos motivos relacionados coa mellora da súa formación e do propio traballo, ao tempo que outorgan unha menor importancia á obtención de puntos para procesos selectivos.

■ Admón. Autónoma ■ Admón. Local ■ Admón. Xustiza

Escala de resposta 1 a 5

III. Formación presencial

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

214

2.984




Presencial
Teleformación

III.1 Valoración dos CURSOS Formación presencial

Valoración dos cursos presenciais

En conxunto estou **satisfeito** de ter feito este curso



O **84%** do alumnado dos cursos presenciais está bastante ou moi **satisfeito** coa formación recibida.

Case a metade outorga a valoración máis alta (5).


Media 4,3

Base: 2.891 enquisas
NS/NC = 93 (3,1%)

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais




Considera que a **duración** do curso foi...



7 de cada 10 alumnos/as que participaron nas actividades presenciais consideran que a duración do curso foi **axeitada**.
Para un 25% do alumnado, a duración foi “demasiado curta”.

Base: 2.427 enquisas
NS/NC = 557 (18,7%)



Valoración dos cursos presenciais



O **90%** dos alumnos/as dos cursos presenciais están de acordo ou moi de acordo con que o proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo

Escala de resposta 1 a 5





Valoración dos cursos presenciais





O **81%** dos alumnos/as das actividades presenciais pensan que os contidos impartidos nos cursos se axustaron aos obxectivos previstos.

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais



Valoración dos cursos presenciais



8 de cada 10 alumnos/as dos cursos presenciais está **de acordo** ou **moi de acordo** con que o curso lle serviu para mellorar a súa formación e lle resultou interesante. O 65% do alumnado opina que o coñecementos serán aplicables ao posto .

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos cursos presenciais

	Media	Respostas
En conxunto estou satisfeito de ter feito este curso	4,25	2.891
O proceso de inscrición e matrícula no curso foi claro e sinxelo	4,44	2.493
A organización do curso foi axeitada (información previa, horario, resolución de incidencias ...)	4,08	2.490
As instalacións onde se impartiu o curso reunían as condicións adecuadas para o seu desenvolvemento	3,95	2.951
Os contidos impartidos axustáronse aos obxectivos do curso...	4,17	2.959
O nivel de profundidade no tratamento dos contidos foi axeitado	4,00	2.949
O balance entre contido teórico e práctico foi axeitado	3,85	2.909
No curso empregáronse materiais que axudaron a seguir o seu contido	3,90	2.935

Base: 2.984 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración dos cursos presenciais

	Media	Respostas
Os materiais didácticos utilizados no curso foron os apropiados (actualizados, completos, comprensibles, ...)	3,94	2.922
Os medios técnicos (pantallas, proxectores, TV, ordenadores, software, ...) foron suficientes para o desenvolvemento do curso	4,12	2.936
Os medios técnicos funcionaron correctamente durante o curso	4,16	2.519
Este curso mellorou a miña formación	4,14	2.868
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,81	2.862
Este curso resultoume interesante	4,22	2.496

Base: 2.984 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración dos cursos presenciais

En termos xerais, a **EGAP obtén moi boas valoracións en todos os aspectos relacionados co desenvolvemento das accións formativas.**


Con todo, a Escola asume o compromiso da mellora continua na prestación dos seus servizos establecendo **obxectivos de mellora** concretos, para os que a dirección estableceu directrices básicas, como a entrega de materiais didácticos en todos os cursos e a garantía de que todas as actividades contén cuns contidos mínimos de carácter práctico (25% das horas de formación).

Por outra banda, e no que se refire ao indicador “os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade”, convén destacar que, como se ten posto de manifesto en numerosas investigacións, para que se produza unha aplicación axeitada da formación recibida ao posto de traballo teñen que darse unhas condicións concretas que superan o ámbito da propia formación. A este respecto, a Escola está a traballar para mellorar a **transferencia da formación ao posto de traballo** mediante un novo proxecto de investigación que axude a avaliar os beneficios que a formación achega á Administración e a identificar os factores que poden obstaculizar a aplicación dos coñecementos adquiridos nas accións formativas.

III.1 Valoración dos DOCENTES Formación presencial

Valoración dos docentes presenciais

Expón con claridade os contidos do curso



O 95% das valoracións amosa o acordo dos alumnos/as con que o docente “**expón con claridade** os contidos do curso”.


Media 4,2

Base: 10.917 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Motiva e esperta o interese dos asistentes polas materias que imparte



Case o 92% das valoracións do alumnado considera que “o profesor/a **motiva e esperta o interese** dos asistentes polas materias que imparte”.


Media 4,1

Base: 10.863 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Resolve eficazmente as dúbidas dos asistentes



Entre os alumnos/as da formación presencial, o **95%** das respostas apunta a que o profesor/a **resolve eficazmente as dúbidas** dos asistentes. O 46% está moi de acordo con esta afirmación.


Media 4,2

Base: 10.749 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Cumpre axeitadamente o horario establecido



Para o **97%** das respostas “o profesor/a **cumpre axeitadamente o horario** establecido”. Na opción moi de acordo a porcentaxe acada o 60%.


Media 4,5

Base: 10.867 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais

Valoración global do/a profesor/a



No que se refire á **valoración global dos docentes**, o **80%** das respostas encádrase nas puntuacións máis altas, **4 ou 5**, nunha escala de 1 a 5. Deste xeito, a valoración media que os alumnos/as outorgan aos docentes da formación presencial acada o **4,2**.

Media 4,2

Base: 10.895 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos docentes presenciais



Escala de resposta 1 a 5

IV. Teleformación

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

180

6.592



Presencial
Teleformación


EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

IV.1 Valoración dos CURSOS Teleformación

Valoración da teleformación

En conxunto estou **satisfeito** de ter feito este curso



Un **85%** dos usuarios/as define a súa experiencia coa teleformación como bastante ou moi satisfactoria. Máis da metade declara estar moi satisfeito/a coa realización do curso.


Media 4,3

Escala de resposta 1 a 5

Base: 6.592 enquisas
NS/NC = 119 (1,8%)

Valoración da teleformación





Considera que a **duración** do curso foi...






O **78%** dos alumnos/as dos cursos de teleformación opina que a **duración do curso é “axeitada”**, fronte ao 18% que a considera “demasiado curta”.

Base: 6.592 enquisas
NS/NC = 522 (7,9%)

Valoración da teleformación






Valoración da teleformación







Case o **85%** dos alumnos/as de teleformación está “de acordo” ou “moi de acordo” con que recibiu unha información suficiente sobre o sistema de avaliación, o modo de traballar no curso e/ou o sistema de avaliación.

Valoración da teleformación






Para o **77%** do alumnado o curso desenvolveuse sen apenas problemas técnicos, e ao **79%** ofrecéronlles solucións para resolver os problemas técnicos

Valoración da teleformación






Valoración da teleformación



A metodoloxía de formación en liña desenvolvida pola EGAP incorpora todas as vantaxes do *e-learning*: flexibilidade, participación e autoxestión na adquisición dos coñecementos.

Valoración da teleformación



En canto á mellora da cualificación e da competencia profesional, **8 de cada 10** alumnos/as dos cursos *on line* está **de acordo** ou **moi de acordo** con que o curso lle serviu para mellorar a súa formación e 6 de cada 10 expresan o seu acordo con que os coñecementos serán aplicables ao posto.

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
A inscrición ao curso resultoume sinxela	4,61	6.539
Os contidos do curso resultáronme comprensibles	4,07	6.549
Os exercicios e supostos prácticos propostos teñen aplicabilidade práctica	4,27	6.476
As actividades melloraron a comprensión e aprendizaxe da materia	4,10	6.502
Facilitáronme información suficiente sobre o funcionamento da plataforma	4,35	6.501
Facilitáronme información suficiente sobre o modo de traballar no curso	4,34	6.500
Déronme información suficiente sobre o sistema de avaliación	4,23	6.510

Base: 6.592 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
O curso desenvolveuse sen problemas técnicos	4,11	6.472
Ofrecéronme solucións eficaces para resolver problemas técnicos	4,11	5.403
O servizo de soporte técnico do curso resolveu todos os meus problemas adecuadamente	4,08	5.240
A navegación a través do curso é sinxela	4,09	6.496
O manexo das diversas ferramentas é sinxelo	4,19	6.499
As ferramentas complementarias (glosario, foro, lecturas...) son suficientes e de calidade	3,99	6.409
Non necesitei instalar outras aplicacións ou programas para poder visualizar o curso	4,22	6.465

Base: 6.592 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

Valoración da teleformación

	Media	Respostas
A metodoloxía formativa proposta permitíume autoorganizar o meu proceso de aprendizaxe	4,25	6.513
Ofrecéuseme flexibilidade á hora de abordar os contidos	4,38	6.499
Durante o curso permitíuseme interactuar cos outros alumnos e titor/es	4,43	6.351
Este curso mellorou a miña formación	4,17	6.474
Os coñecementos adquiridos serán aplicables ao posto de traballo que ocupo na actualidade	3,67	6.419
O curso pareceume motivador e interesante	3,95	6.542


Base: 6.592 encuestas

Escala de resposta 1 (nada de acordo) a 5 (moi de acordo)

IV.11 Valoración dos TITORES Teleformación

Valoración dos titores de teleformación

O titor **motivoume e apoioume** ao longo de todo o curso



No 95% das ocasións os alumnos/as aseguran que o titor/a desenvolveu unha labor satisfactoria, motivando e apoiando ao alumnado ao longo do proceso de ensinanza a distancia.


Media 4,3

Base: 7.031 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Realizou un **USO** adecuado das **ferramentas complementarias** do curso (dinamización de foros, chats, etc.).



No 93% das ocasións o alumnado de teleformación considera que os titores fan un uso axeitado das ferramentas complementarias dispoñibles nas aulas virtuais da EGAP, favorecendo un marco de aprendizaxe participativo e dinámico.


Media 4,1

Base: 6.808 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Resolveu adecuadamente todas as miñas dúbidas



Dende a perspectiva dos alumnos/as, os titores/as da EGAP están a resolver de axeitadamente as súas dúbidas: o nivel de acordo para esta cuestión acadou o 93%.


Media 4,2

Base: 6.293 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Respondeu aos meus correos no tempo establecido



No 93% dos casos o alumnado considera que as súas dúbidas obtiveron resposta por parte dos titores dentro do prazo establecido (24 h de luns a venres e 48 h as fins de semana) .


Media 4,3

Base: 6.132 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación

Proporcioneume **información** clara e completa sobre os resultados da miña **avaliación**




A información que recibiron os alumnos/as por parte do titor/a acerca dos resultados da súa avaliación resulta satisfactoria no 95% dos casos . Un 60% está totalmente de acordo con que esa información era clara e completa.

Media 4,4

Base: 6.132 respostas

Escala de resposta 1 a 5

Valoración dos titores de teleformación



Escala de resposta 1 a 5

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>



FORMACIÓN 2010

**Avaliación da calidade da formación
impartida pola EGAP no ano 2010**

**VOLUME II: VALORACIÓNS DO PERSOAL
DOCENTE**

Índice de contidos

1. Autoavaliación
2. Valoración do curso
3. Valoración da EGAP

I. Autoavaliación

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

292


706



Presencial
Teleformación

Autoavaliación

Que **puntuación global** lle daría á súa **labor docente**?



A inmensa maioría dos docentes da EGAP amosa unha **valoración moi positiva da súa labor docente**. De feito, o 92% valora como “boa” ou “moi boa” a dita labor.


Media 4,2

Base: 706 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Autoavaliación

Que **puntuación global** lle daría á súa **labor docente**?



Atendendo á modalidade de impartición, o 97% dos titores/as da teleformación valora a súa labor como “boa” ou “moi boa”, fronte ao 90% dos docentes na modalidade presencial.


Medias **4,19** **4,17**

Base: 706 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Autoavaliación

Valore de 1 a 5 cada un dos seguintes aspectos da súa **labor como docente** deste curso



Base: 706 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

II. Valoración do curso

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

292


706



Presencial
Teleformación

2010 Valoración do curso

Que **puntuación global** lle daría **ao curso**?



O **97%** dos docentes da EGAP outorga unha **puntuación global “boa” ou “moi boa”** ao curso impartido.


Media 4,4

Escala de resposta 1 a 5

Base: 706 enquisas

Valoración do curso

Que **puntuación global** lle daría **ao curso**?



Se atendemos á modalidade de formación, o 98% dos docentes da formación presencial atribúe unha puntuación global “boa” ou “moi boa” ao curso, fronte o 95% dos titores/as na modalidade de teleformación.


Medias **4,45** **4,23**

Base: 706 enquisas

Escala de resposta 1 a 5

Contidos vs. duración

Considera vostede que a **relación** entre os **contidos** e a **duración** do curso é...?




O **86%** dos docentes que impartiron ou titorizaron actividades formativas da EGAP ao longo de 2010 considera que os cursos realizados teñen unha **duración axeitada**.

Base: 706 enquisas

Contidos vs. duración

Considera vostede que a **relación** entre os **contidos** e a **duración** do curso é...?




A correspondencia entre a duración do curso e os contidos a impartir considérase adecuada para a maior parte de dos docentes e titores (86%). Non obstante, entre os titores de teleformación ten máis presenza a demanda dunha maior duración dos cursos (14%)

Base: 706 enquisas

Logro dos obxectivos

Pensa vostede que se **cumpriron os obxectivos** marcados ao principio do curso?




Segundo os docentes, todas as actividades de formación realizadas pola EGAP acadaron os obxectivos establecidos, ben fora na súa totalidade (83%) ou de xeito un pouco máis parcial (17%)

Base: 706 enquisas

Logro dos obxectivos

Pensa vostede que se **cumpriron os obxectivos** marcados ao principio do curso?




O nivel de **cumprimento** cos obxectivos establecidos é lixeiramente **superior** no caso da **formación presencial (84%)**.

Base: 706 enquisas

Valoración do alumnado

Sinale o grao de adecuación de cada un dos seguintes aspectos relacionados cos **asistentes ao curso**



Base: 706 enquisa

Escala de resposta 1 a 5

III. Valoración da EGAP

FICHA TÉCNICA

- 1 Número de actividades avaliadas
- 2 Número de enquisas recadadas
- 3 Modalidade das actividades avaliadas

292


706



Presencial
Teleformación

Valoración da EGAP

A EGAP respondeu de xeito eficaz e áxil ante as súas **peticións**?




O **99%** dos docentes de actividades presenciais e dos titores de teleformación confirma que a **Escola respondeu de xeito eficaz e áxil** as súas peticións.

Base: 706 enquisas

Valoración da EGAP

A EGAP respondeu de xeito eficaz e áxil ante as **peticións dos alumnos?**




O **98%** dos docentes de actividades presenciais e dos titores de teleformación confirma que a **Escola respondeu de xeito eficaz e áxil as peticións do alumnado.**

Base: 706 enquisas

Valoración da EGAP

A EGAP respondeu de xeito eficaz e áxil ante os **imprevistos**?



O **99%** dos docentes de actividades presenciais e o **97%** dos titores de teleformación confirma que a **Escola respondeu de xeito eficaz e áxil ante os imprevistos.**

Base: 706 enquisas

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

Conclusiones



Escola Galega de
Administración
Pública



XUNTA DE GALICIA

Por que se fan os cursos da EGAP...

- En liñas xerais, todos os destinatarios da formación da EGAP coinciden en sinalar que ás **motivacións de carácter “vocacional”** son máis importantes que ás de tipo **“utilitarista”** á hora de solicitar un curso. Noutras palabras, cando se decide facer un curso o interese na mellora da formación e do propio traballo teñen máis peso que a obtención de puntos para a promoción.
- Con todo, os nosos resultandos tamén apuntan a que a **teleformación** se adecúa mellor aos intereses daquelas persoas que conceden máis importancia á obtención de puntos. Pola súa banda, as **motivacións de carácter máis vocacional acadan mellores puntuacións na formación presencial**, o que é coherente co feito de que os custos económicos e de organización do tempo para o alumnado nesta modalidade son maiores.
- Ademais, o **persoal da Administración local** amosa un patrón lixeiramente distinto en relación ao persoal das Administracións autonómica e de xustiza, xa que outorga **máis valor á adquisición de novos coñecementos que á obtención de puntos e prefire a modalidade de teleformación** como medio para adquirilos.

Satisfacción co noso traballo...

- O persoal das distintas administracións para as que a Escola ofrece formación, **persoal da Administración autonómica, da Administración local e de xustiza** presenta un **elevado nivel de satisfacción coa formación** presencial e *on line* desenvolvida pola EGAP en 2010 (nivel medio de satisfacción de 4,3 nunha escala de 1 a 5).
- A satisfacción do alumnado coa acción formativa da Escola ponse de manifesto novamente dende a perspectiva dos **resultados: 8 de cada 10 alumnos/as dos cursos presenciais e de teleformación está de acordo ou moi de acordo con que o curso lle serviu para mellorar a súa formación e lle resultou interesante**. Os docentes reforzan estes resultados ao valorar moi positivamente a aprendizaxe e a adquisición de novos coñecementos e habilidades por parte do alumnado. Deste xeito, se temos en conta que a principal motivación para realizar un curso é mellorar a formación, pode concluírse que **a Escola está a dar unha resposta satisfactoria á expectativa do alumnado**.

Recoñecemento á labor da Escola...

- **Os alumnos/as están satisfeitos cos docentes e titores/as** das actividades da EGAP, valorando positivamente a súa claridade na exposición dos contidos, os seus esforzos por motivar ao alumnado, a resolución axeitada e no tempo establecido das dúbidas, a dispoñibilidade para atender calquera demanda, etc. Estes resultados poñen de manifesto a competencia técnica e as habilidades pedagóxicas dos docentes e titores/as da EGAP.
- No que se refire ás **actividades da EGAP** destinadas ao persoal da Administración autonómica, as promovidas pola Escola **son algo mellor valoradas** que aquelas que resultan da iniciativa das consellerías (4,3 vs. 4,1).
- **Os docentes e titores/as tamén achegan unha valoración moi positiva das actividades formativas nas que participan.** A valoración é algo máis positiva no caso dos docentes dos cursos presenciais, tendencia que tamén se aprecia á hora de valorar o cumprimento dos obxectivos.
- **A resposta da EGAP** ás peticións de docentes, titores/as e alumnado ante calquera imprevisto **resulta moi ben valorada.**

- O **proceso de inscrición nos cursos** constitúe un dos puntos fortes da xestión da Escola, segundo o noso alumnado. Este recoñecemento da **solicitude telemática** dos cursos, así como da posibilidade de que o interesado/a coñeza en todo momento o **estado da súa solicitude na “Zona de matrícula”**, anima a que a Escola siga investindo nas **novas tecnoloxías** para mellorar os seus servizos.
- O alumnado expresa un **elevado nivel de satisfacción coa teleformación**, outorgando moi boas valoracións a aquelas **cuestións que caracterizan a formación on line**: a interacción cos outros alumnos/as e cos titores/as durante o curso, a flexibilidade á hora de abordar os contidos, ou a posibilidade de autoorganizar a aprendizaxe. Estes resultados xustifican a firme aposta da Escola polo desenvolvemento desta modalidade formativa.
- **Os cursos de idiomas obteñen unha excelente valoración (4,6)**, o cal vén reforzar unha acción estratéxica da Escola: a potenciación da oferta formativa en linguas estranxeiras, e que actualmente abrangue os idiomas inglés, francés, portugués, alemán, chinés, árabe e ruso.

Traballamos para mellorar os nosos servizos...

- Para mellorar o **balance entre os contidos teóricos e prácticos**, a Escola adquire o compromiso de garantir unha porcentaxe mínima de horas prácticas coa finalidade de conseguir que os coñecementos adquiridos sexan aplicables ao posto de traballo.
- A mellora da **transferencia da formación ao posto de traballo** constitúe unha preocupación para a Escola, por iso poñerá en marcha accións destinadas a avaliar os beneficios que a formación achega á Administración e a identificar os factores que poden mellorar á aplicación dos coñecementos adquiridos nas accións formativas.
- A Escola está realizando grandes esforzos para mellorar a calidade dos **materiais didácticos**, preocupándose de que estean actualizados, completos e sexan comprensibles. Así mesmo, a Escola está a traballar para que eses materiais sirvan ao obxectivo de reforzar o correcto uso do idioma galego na Administración pública e para que estean dispoñibles en soporte electrónico.

En resumo...

- O nivel de **satisfacción coa formación** presencial e *on line* desenvolvida pola EGAP en 2010 é moio alto, tanto para o persoal ao servizo da Administración autonómica, como da Administración local e de xustiza. Neste mesmo sentido, a inmensa maioría dos alumnos/as dos cursos presenciais e de teleformación confirma que o curso lle **serviu para mellorar a súa formación**.
- Este elevado nivel de satisfacción supón un **aliciente** máis para continuar co firme **compromiso de traballar para mellorar os nosos servizos**, de acordo coa vontade estratéxica, asumida pola Escola no **ano 2010**, de avanzar cara un novo modelo de xestión de calidade. Con este obxectivo, estamos a desenvolver unha serie de accións que permitirán achegar a programación, xestión e avaliación da formación da EGAP aos estándares que establecen os sistemas de xestión segundo o **Modelo EFQM e a ISO 9001:2008**. Os resultados deste traballo serán novamente valorados polos nosos usuarios e publicados na nosa páxina web no primeiro trimestre de 2012.

EGAP

Escola Galega de Administración Pública
<http://egap.xunta.es/>

Contacto

Unidade de Investigación, avaliación e calidade

Correo electrónico: investigacion.egap@xunta.es
Teléfonos: 981 546 245, 981 546 331 ou 981 546 334.

Escola Galega de Administración Pública
Rúa de Madrid, 2-4. 15707 Santiago de Compostela
Páxina web: <http://egap.xunta.es/>